


SUXESTIÓNS PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

A partir do Decreto 120/1998 do 23 de abril que regula a orientación educativa e profesional e da Orde do 24 de xullo de 1998; dentro das funcións do Departamento de Orientación dos Institutos de Educación Secundaria, Centros Públicos Integrados, Centros de Ensinanzas para Persoas Adultas ou Centros de Educación Especial: *b) Elaborar, de acordo coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, as propostas do Plan de Orientación Académica e Profesional e do Plan de Acción Titorial...*

En canto ao Plan de Orientación Profesional dos Centros Integrados de Formación Profesional (CIFP) que forma parte do proxecto funcional do centro e incorpora o Plan de Acción Titorial, a súa elaboración corresponde ao Departamento de Información e Orientación Profesional, segundo a Orde do 29 de xullo de 2011 que se desenvolve o Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento orgánico dos citados CIFP.

----- PLAN XERAL DE ORIENTACIÓN -----



I N T R O D U C I Ó N

Os criterios xerais para a realización do Plan de Orientación Académico-Profesional (POAP) teñen que partir da Comisión de Coordinación Pedagóxica (nos IES / CPI) ou das directrices establecidas pola área de calidade, innovación e orientación profesional (Plan de Orientación Profesional, nos CIFP). De seguido, os Departamentos de Orientación ou de Información e Orientación Profesional, procederán á elaboración dos citados plans nas respectivas institucións educativas. En xeral, para que a planificación do Programa sexa funcional, precísase da implicación e colaboración do profesorado do Centro.

A modo de exemplo -neste documento- propoñemos un Instituto de Educación Secundaria (IES) que conte con unidades escolares que teñan alumnado pertencente ás etapas educativas de Educación Secundaria Obrigatoria, Ciclos Formativos de Formación Profesional Básica, Grao Medio e Grao Superior e Bacharelato nas modalidades de Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais.

O profesorado do centro parece manifestarse interesado para que -no primeiro trimestre e con fins preventivos- se poña en marcha un “Programa de Orientación” o que remataría a finais do curso (no segundo ou terceiro trimestre,

en función da FCT ou da ABAU) cunha **Semana dedicada á Orientación / Xornadas**, implicando aos sectores educativos (profesorado, alumnado, experiencias de exalumnos/as) e produtivos así como, na medida do posible, aos axentes sociais (empresarios, organizacións sindicais, cámaras de comercio ...).

Na ESO a **Orientación Académica e Profesional** deseñarase fundamentalmente dentro do **PAT**, con actuacións grupais (hora lectiva de titoría) ou con entrevistas individuais mantidas cos alumnos e alumnas e coas súas familias, segundo proceda.

É obvio que os plans de orientación non poden ser todos iguais xa que dependen de moitos factores e variables, en función das características e peculiaridades de cada institución educativa. Así, o que a continuación propoñemos faise só a título indicativo, para os Departamentos de Orientación e de Información e Orientación Profesional.

AVALIACIÓN DE NECESIDADES

- ◆ Necesidade de dar resposta ás preocupacións e inquietudes sobre a orientación académico/profesional de toda a Comunidade Educativa. Un modelo de intervención planificado, continuo e funcional ao longo do curso académico.
- ◆ Necesidade das familias e do profesorado por coñecer o futuro académico-laboral dos seus fillos/as ou do seu alumnado.
- ◆ Necesidade de coñecer as saídas profesionais ou académicas dende a Formación Profesional, tanto por parte de alumnado como do profesorado.
- ◆ Necesidade de coñecer as ofertas laborais ou académicas da comarca na que está situado o Centro Educativo e tamén fóra do contorno (mobilidade, rede Eures...).
- ◆ Necesidade de coñecer o actual sistema educativo dende a ESO.
- ◆ Necesidades relacionadas cos Bacharelatos e todo o que trae consigo (optatividade, itinerarios, modalidades, ABAU e vías de acceso ás Ensinanzas Superiores (Graos Universitarios ou FP de Grao Superior, etc): saídas académicas e profesionais.
- ◆ Necesidade de que o alumnado coñeza as súas capacidades, aptitudes, intereses, motivacións, autoestima, personalidade...
- ◆ Necesidade de que os profesores e profesoras partan dos intereses, motivacións e capacidades dos seus alumnos e alumnas e, de que preparen ós mesmos para a adquisición de competencias a nivel global así como para as habilidades sociais e as habilidades de xestión da carreira.
- ◆ Necesidade de analizar as características do alumnado e das súas familias, dentro do contexto escolar de referencia.
- ◆ Necesidade de darlle ao alumnado -dende os CPI, IES, CIFP, Centros de Ensinanzas para Persoas Adultas e Centros de Educación Especial- respostas educativas, de orientación ou de reorientación relacionadas coa toma de decisións.

- ◆ Necesidade de coñecer e de ser informados sobre os postos de traballo e as perspectivas do mercado laboral, os horarios, dereitos e deberes dos traballadores, técnicas para o emprego e o autoemprego, o teletraballo como unha nova forma de organización laboral, a intermediación na oferta/demanda, a acreditación de competencias clave e profesionais a través da experiencia ou vías de formación non regrada, etc.
- ◆ Necesidade de coñecer os centros integrados de formación profesional que imparten ensinanzas de **Formación Profesional Inicial e Formación Profesional para o Emprego** (ocupacional e continua), así como o Plan Galego de Formación Profesional.
- ◆ Necesidade de potenciar o trinomio da aprendizaxe permanente ou ao longo da vida: formación, cualificación e emprego.

OBXECTIVOS

- Coñecer as posibilidades académicas e profesionais-laborais da zona e dos seus arredores inmediatos (alumnado e familias), dentro da Comunidade Autónoma ou fóra da mesma (Estado e Unión Europea).
- Afrontar a toma de decisións correspondente ao seu momento evolutivo e académico de maneira consciente, responsable e autónoma.
- Desenvolver as estratexias de reflexión e da toma de decisións oportunas que conduzan ao alumnado á meta fixada, implicando tamén ás familias.
- Coñecerse un pouco mellor a si mesmos, sendo máis conscientes das súas capacidades, valores, intereses e aptitudes.
- Familiarizar, aos posibles usuarios ou demandantes, coas estratexias de busca de emprego, análise e interpretación da información, capacidade de adaptación e coñecemento das empresas, sistemas de cualificación e de acreditacións profesionais, certificados de profesionalidade, carnés profesionais, as novas tecnoloxías da información e da comunicación, bolsas de potenciación do emprego e autoemprego, eduemprende, os sistemas de mobilidade entre os países europeos, formación práctica en centros de traballo, rede eures, etc.
- Responsabilizarse cunha crítica construtiva -o profesorado- das respostas educativas que cómpre dar en relación á orientación para a carreira dos seus alumnos e alumnas.
- Proporcionar formación e orientación laboral.
- Informar e reorientar para os posibles sistemas de alternancia estudo/traballo ou emprego/desemprego, habilidades de xestión da carreira ...

BLOQUE DE CONTIDOS

- Autocoñecemento.
- Coñecemento do sistema educativo.
- Coñecemento das alternativas do mercado laboral e profesional (sistema produtivo).

- Estratexias e procedementos para a toma de decisións.
- Procesos de inserción socio/profesional (confección de documentos de utilidade... currículum vitae, rede eures e sistema europass, pasaporte de linguas, instancias, internet e páxinas web, entrevistas de traballo, oposicións; busca de emprego a través do SGC, proxectos de Concellos, Deputación, UNED, Sindicatos, Asociacións ou de coñecidos/amigos/familiares; Formación Profesional para o Emprego, orientación ao longo da vida, etc.). A cultura do emprendemento e os viveiros de empresas.
- Aprendizaxe ao longo da vida e sistemas en alternancia estudo/traballo, emprego/desemprego.
- Novos contornos nas estratexias empresariais (globalización, deslocalización, crise económica, titulados bolseiros en prácticas, subemprego, cambio de ocupación, flexibilización do mercado laboral ...).
- Acreditación e certificación das competencias clave e profesional.
- Habilidades sociais e cognitivas. As relacións interpersoais e as novas tecnoloxías.
- Información/formación sobre os diversos itinerarios e transicións dentro do sistema educativo, a optatividade. Saídas ao remate da ESO, o Bacharelato, os Ciclos Formativos da Formación Profesional Inicial (Básica, Grao Medio e Grao Superior), as Ensinanzas Artísticas, Deportivas e de Idiomas; Escolas Obradoiro, Accións Formativas para o Desempregado (AFD), residencias de estudantes, Titulacións Universitarias (Grao, Máster, Títulos Propios ...), os créditos ECTS e as validacións, pasarelas, bolsas de estudos, centros residenciais docentes, bolsas de estudos, probas libres, modalidades de FP (régime ordinario, adultos, a distancia, FP Dual, Adultos...).
- Información e asesoramento aos titores e titoras.

En relación a este apartado relativo aos contidos, cómpre adaptar os mesmos aos alumnos e alumnas do centro. Hai que ter en conta o nivel educativo ou etapa escolar que cursen, o tipo de ciclo formativo, ensinanzas artísticas, deportivas, grao universitario ...

TEMPORALIZACIÓN

Por trimestres -ao longo do curso- secuenciando contidos segundo o tipo de estudos, nivel ou etapa educativa correspondente.

TAREFAS e ACTIVIDADES

Alumnado

- **Autocoñecemento:** Cuestionario de exploración inicial, xogos grupais (“adiviña quen”, “o meu autorretrato”), aplicación de inventarios de intereses, guías de autoorientación, estudo das traxectorias escolares, redaccións guiadas, autobiografías, programas informáticos... Sesións de coñeco as miñas aptitudes, intereses, autoestima, personalidade e valores, preferencias persoais, expectativas... A toma de decisións.
- **Coñecemento do sistema educativo:** Visitas a Centros Educativos. Estudo de publicacións e folletos. Desenvolvemento de charlas grupais, entrevistas individuais (horario de titoría). Consulta de programas informáticos e de páxinas web de Orientación Profesional (Educaweb, “Proyecto Andrómeda”, “Entre estudantes”, etc).
- **Coñecemento do mercado laboral:** Observación de profesións e de postos de traballo. Empregos. Autoemprego. Teleemprego. Visitas a centros produtivos e ás empresas. Entrevistas e contactos con traballadores e profesionais. Visualización de vídeos con información profesional. Análise de novas profesións. Niveis de ocupación e de paro... tendencias nos sectores da actividade económica.
- **Toma de decisións:** Como unha reflexión e recompilación de todo o proceso seguido con anterioridade. Isto levaría ó alumnado, trala maduración vocacional conseguida, a tomar a correspondente decisión. Actividades como: “E despois da ESO ¿qué?”, indicadores de calidade para elixir e decidir da mellor maneira posible no contorno educativo e socio/laboral actual, itinerarios académicos e optatividade entre ciclos e cursos da ESO e cara ó Bacharelato; o Espazo Europeo de Educación Superior e os Graos Universitarios; validacións, pasarelas e opcións universitarias e laborais despois dos Ciclos Formativos Básicos, Grao Medio e Grao Superior...

Profesorado

- Informar e solicitar a máxima colaboración posible aos titores e titoras e ao profesorado en xeral, durante todo o curso e na semana dedicada ás Xornadas de Orientación (preparación): importancia destas actividades dentro do proceso educativo. Integración das habilidades de xestión da carreira nos currículos escolares.
- Colaborar cos Titores e Titoras, co Departamento de Orientación ou de Información e Orientación Profesional e co Profesorado de Formación e Orientación Laboral, para poder cumprir do mellor xeito posible coas intencións educativas do plan: implicación.

Familias

- Reunións con pais e nais, entrevistas individuais... para dar e recibir información e asesoramento, dentro do horario de atención ás familias: implicación das mesmas.

TÉCNICAS, RECURSOS E METODOLOXÍA

- ◆ Estudo de casos. Traballo e exposición en pequenos grupos.

- ◆ Cuestionarios e entrevistas (existen bastantes modelos e suxestións ao respecto).
- ◆ Lexislación, guías e enderezos de internet ou de páxinas web, revistas especializadas, folletos e publicacións oficiais e bibliografía.
- ◆ Visitas a centros educativos e produtivos (empresas). Charlas informativas e técnicas de grupo (simulacións, xogo de roles, mesas redondas...).
- ◆ Sesións con apoio do Orientador/a na aula ou co apoio doutro profesionais externos, a nivel de centro.
- ◆ Conferencias. Emprego das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- ◆ Colaboración de Empresarios, Orientadores Laborais das Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia, Servizo Galego de Colocación e centros asociados ao mesmo, Cámaras de Comercio, Axentes Sociais, Asociacións...
- ◆ Metodoloxía participativa, comunicativa (escrita, gráfica e visual) e activa. Metodoloxía individual (crítico/reflexiva). Combinar o traballo grupal de análise e tratamento da información coa reflexión e coa decisión individual.
- ◆ Conclusións das posibles investigacións que se poidan realizar, dentro da propia práctica profesional ou ben a través de grupos de traballo cooperativo: inserción dos Titulados de FP ou da Universidade ao remate dos seus estudos, habilidades de xestión da carreira, acreditación de competencias, programa de orientación ...

AVALIACIÓN

- Nivel de execución dos obxectivos trazados. Grao de progreso acadado respecto das intencións de orientación propostas a través do Departamento.
- Aproveitamento e valoración dos servizos de información e orientación. Desenvolvemento destes servizos con garantía e calidade.
- Grao de consecución das competencias profesionais, das habilidades para a xestión da carreira e para a toma de decisións, satisfacción e aproveitamento de cada actividade e deseño dos itinerarios formativos axustados ás necesidades dos usuarios. Coordinación e cooperación dos diversos protagonistas na información e orientación educativa e profesional a nivel local, autonómico, estatal ou incluso a nivel dos países membros da propia Unión Europea. Valoración e xuízo crítico.
- Avaliación inicial ou de necesidades previstas. Avaliación continua, avaliación do proceso e do produto final. En todo caso, a avaliación entendémola como un proceso de análise, de reflexión e de mellora ou de mantemento -se é o caso- das conclusións derivadas de cada actividade. Isto poderíanos levar a formular futuras aplicacións do Plan: ¿Que se fixo ou que se pode facer cara ós vindeiros cursos académicos?



